ACREDITACIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS DE FORMACIÓN PROFESIONAL OBTIDOS EN ESPAÑA PARA PODER EXERCER A PROFESIÓN EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA OU PAÍSES ASINANTES DO ACORDO SOBRE O ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO

Con este procedemento acredítase a titulación obtida no Estado español para poder solicitar o recoñecemento profesional noutro estado membro da Unión Europea ou asinante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo para os efectos de poder exercer a profesión naquel país.

Titulacións oficiais de formación profesional sanitaria susceptibles de acreditación:

- Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría
- Técnico en Farmacia e Parafarmacia
- Técnico en Emerxencias Sanitarias
- Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
- Técnico Superior en Audioloxía Protésica
- Técnico Superior en Dietética
- Técnico Superior en Documentación e Administración Sanitaria
- Técnico Superior en Hixiene Bucodental
- Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico
- Técnico Superior en Laboratorio Clínico e Biomédico
- Técnico Superior en Ortopróteses e Produtos de Apoio
- Técnico Superior en Próteses Dentais
- Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría

Países onde a acreditación será efectiva:
Estados membros dá Unión Europea (UE): Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Paises Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Suecia e Chipre.
Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (EEE): Suíza, Islandia, Leichtenstein e Noruega.

Normativa aplicable:
O Real decreto 581/2017, do 9 de xuño polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva 2013/55/UE do Parlamento europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento das cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) N.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).

Documentación que debe presentar o/a interesado/a:

- Solicitude de acreditación
- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte
- Fotocopia compulsada do título profesional oficial ou certificado sustitutorio do título, expedido pola autoridade competente

DOCUMENTACIÓN PARA DESCARGAR

Modelo de solicitude